



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Expediente nº : 1930/2019

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 17 de outubro de 2019, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Cuarto Bimestre do exercicio 2019, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 5 de novembro de 2019 ata o día 5 de xaneiro de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante o órgano competente, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 29 de outubro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano Garcia.

R. 3323

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19009265 DO 04/11/2019

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 19002410 do 26/03/2019, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o acceso en propiedade a tres prazas de Inspector/a Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerán, polas BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE INSPECTOR POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016), aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de xaneiro de dous mil dezanove e modificadas por dito órgano na sesión celebrada o vinte de febreiro de dous mil dezanove.

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 84, de 26 de marzo de 2019, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" número 186, de 1 de outubro de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 251, de 18 de outubro de 2019.

Tendo en conta que na actualidade prestan servizos no Concello de Lugo seis funcionarios coa categoría de Oficial Policía Local, e vistas as solicitudes de participación no mencionado proceso selectivo presentadas por catro funcionarios cao categoría de Oficial da Policía Local e os escritos presentados por outros dous funcionarios coa categoría de Oficial da Policía Local nos que poñen de manifesto carecer da titulación requerida para participar en dito proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1-07-2016 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (xuntamente coa causa de exclusión) no proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o acceso en propiedade a tres prazas de Inspector/a Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerán, polas BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE INSPECTOR POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016), aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de xaneiro de dous mil dezanove e modificadas por dito órgano na sesión celebrada o vinte de febreiro de dous mil dezanove, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
CANDAL RIVAS, JESUS	*029V
MERA LOPEZ, JOSE ANTONIO	*075C
PIÑEIRO SANTOS, JOSE LUIS	*318P
RIO ESPÍÑO, JOSE MANUEL	*110T

EXCLUÍDOS/AS

NON HAI

Segundo.- Facer público que, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 8 de maio de 2019, adoptou, entre outros o acordo 8/289 PROPOSTA TRIBUNAL PRAZAS DE INSPECTOR/A DA POLICÍA LOCAL polo que se acordou o nomeamento das seguintes persoas como tribunal cualificador para o acceso en propiedade a prazas de Inspector/a da Policía Local, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna:

Presidenta: D.ª Marta López Peña. Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo (A1)

Suplente: D. Ramón Santiago Arias. Inspector Xefe do CNP, segundo Xefe da Comisaría Local Ferrol-Narón (A1)

Vogais:

- D. Dositeo Carreira López. Inspector Xefe da Policía Local de Ribadeo (A2)

Suplente: D. Emilio Sánchez Muñoz, Subinspector do CNP, Xefe do subgrupo operativo da Policía Xudicial da Comisaría Distrito Norte da Coruña (A2)

- D. Germán Lago González. Inspector Xefe do CNP, Xefe da Comisaría do Distrito Norte da Coruña (A1)

1. Suplente: D. Simón Fernández Martínez. Inspector do CNP, Xefe do Grupo de Fronteiras da Comisaría provincial da Coruña (A1)

- D. Javier García Amigo, Inspector Xefe, Xefe Provincial da Policía Autonómica de Lugo (A1)

Suplente: D. José Ramón Fernández López, Inspector Xefe do grupo operativo, segundo Xefe da Policía Autonómica de Lugo (A1)

Secretario: D. Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno accidental do Concello de Lugo (A1)

Suplente: D.ª María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo (A1)

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 04 de novembro de 2019.

R. 3324

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19009264 DO 04/11/2019

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 19006789 do 08/08/2019, se resolveu convocar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de Inspector/a da Policía Local do Concello de Lugo por promoción interna (Concurso-oposición) e 3 prazas de Inspector/a pola quenda de mobilidade (Concurso) pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 21/445 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 17.07.2019.

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 203, de 4 de setembro de 2019, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” número 186, de 1 de outubro de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 251, de 18 de outubro de 2019.

Polo que respecta ao proceso selectivo para a provisión dunha praza de Inspector/a da Policía Local do Concello de Lugo por promoción interna (Concurso-oposición), tendo en conta que na actualidade prestan servizos no Concello de Lugo seis funcionarios coa categoría de Oficial Policía Local, e vistas as solicitudes de participación no mencionado proceso selectivo presentadas por catro funcionarios cao categoría de Oficial da Policía Local e os escritos presentados por outros dous funcionarios coa categoría de Oficial da Policía Local nos que poñen de manifesto carecer da titulación requerida para participar en dito proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1-07-2016 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (xuntamente coa causa de exclusión) no proceso selectivo para a provisión dunha praza de Inspector/a da Policía Local do Concello de Lugo por promoción interna (Concurso-oposición) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 21/445 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 17.07.2019, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
CANDAL RIVAS, JESUS	*029V
MERA LOPEZ, JOSE ANTONIO	*075C
PIÑEIRO SANTOS, JOSE LUIS	*318P
RIO ESPÍÑO, JOSE MANUEL	*110T

EXCLUÍDOS/AS

NON HAI

Segundo.- Facer público que, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 8 de maio de 2019, adoptou, entre outros o acordo 8/289 PROPOSTA TRIBUNAL PRAZAS DE INSPECTOR/A DA POLICÍA LOCAL polo que se acordou o nomeamento das seguintes persoas como tribunal cualificador para o acceso en propiedade a prazas de Inspector/a da Policía Local, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna:

Presidenta: D.^a Marta López Peña. Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo (A1)

Suplente: D. Ramón Santiago Arias. Inspector Xefe do CNP, segundo Xefe da Comisaría Local Ferrol-Narón (A1)

Vogais:

- D. Dositeo Carreira López. Inspector Xefe da Policía Local de Ribadeo (A2)

Suplente: D. Emilio Sánchez Muñoz, Subinspector do CNP, Xefe do subgrupo operativo da Policía Xudicial da Comisaría Distrito Norte da Coruña (A2)

- D. Germán Lago González. Inspector Xefe do CNP, Xefe da Comisaría do Distrito Norte da Coruña (A1)

Suplente: D. Simón Fernández Martínez. Inspector do CNP, Xefe do Grupo de Fronteiras da Comisaría provincial da Coruña (A1)

- D. Javier García Amigo, Inspector Xefe, Xefe Provincial da Policía Autonómica de Lugo (A1)

Suplente: D. José Ramón Fernández López, Inspector Xefe do grupo operativo, segundo Xefe da Policía Autonómica de Lugo (A1)

Secretario: D. Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno accidental do Concello de Lugo (A1)

Suplente: D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo (A1)

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 4 de novembro de 2019.

R. 3325

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión celebrada en data 31 de outubro de 2019 adoptou o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe íntegramente:

Primeiro.- Aprobar unha segunda convocatoria das subvencións para pinturas de fachadas de edificacións situadas simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños, a cal se efectuará ao abeiro das bases reguladoras aprobadas polo Pleno Corporativo en sesión de data 14/08/2019 e publicadas no BOP de Lugo nº 189 de data 19/08/2019 coas seguintes modificacións:

Donde dí:

1. OBXECTO E AMBITO

(...)

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 30.265,00 euros con cargo á partida 1522.78000 do orzamento vixente. A presente actuación se atopa financiada íntegramente pola Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro dos "Premios Parabéns 2018-2019".

(...)

3. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

(...)

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o 15 de outubro de 2019 ou esgotamento do crédito.

(...)

9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

(...)

d) Comunicar o Concello de Mondoñedo a finalización das obras sempre antes do 30 de outubro de 2019.

(...)

10. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

(...)

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de aprobación da axuda, en ningún caso poderá ser posterior o 30 de outubro de 2019."

Pasa a dicir:

1. OBXECTO E AMBITO

(...)

O crédito global que se dispón, entre a primeira e segunda convocatoria, para o outorgamento das subvencións a conceder será de 30.265,00 euros con cargo á partida 1522.78000 do orzamento vixente. A presente actuación se atopa financiada íntegramente pola Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro dos “Premios Parabéns 2018-2019”.

3. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

(...)

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o 15 de novembro de 2019 ou esgotamento do crédito.

(...)

9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

(...)

e) Comunicar o Concello de Mondoñedo a finalización das obras sempre antes do 30 de novembro de 2019.

(...)

10. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

(...)

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de aprobación da axuda, en ningún caso poderá ser posterior o 30 de novembro de 2019.”

Segundo.- O resto das bases reguladoras non modificadas manterán o mesmo contido.

Terceiro.- Darlle publicidade a esta modificación a través do Boletín Oficial da Provincia de Lugo e do taboleiro de anuncios da sede electrónica

Mondoñedo, 4 de novembro de 2019.- A Alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 3326

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial de suplemento de crédito número 1/2019.

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei, en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2019, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 1/2019.

O expediente permanecerá exposto ó público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, perante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179.4, en relación có 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Se ó remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ó establecido na citada lexislación.

Outeiro de Rei, 31 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3327

Anuncio

Aprobación inicial de transferencia de crédito entre partidas de distintas áreas de gasto número 1/2019

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei, en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2019, aprobou inicialmente o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto número 1/2019.

O expediente permanecerá exposto ó público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179.4, en relación có 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Se ó remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ó establecido na citada lexislación.

Outeiro de Rei, 31 de outubro de 2019.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3328

PARADELA

Anuncio

ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/2019, BAIXO A MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado en sesión ordinaria de data 3 de outubro de 2019, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 15/2019, baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto		
161	633	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Abastecemento de auga. Inversións reais. Inversións de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe. "Modificación das instalacións da E.T.A.P. en Ferreira para mellora da eficiencia enerxética e medio ambiental".	47.193,63
453	210	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Gastos correntes en bens e servizos. Reparacións, mantemento e conservación infraestruturas e bens naturais.	16.000,00
454	227	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Camións . Gastos correntes en bens e servizos. Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	16.000,00

Financiación:

Concepto	Descrición	Importe Euros
870	Remanente de tesouraría para gastos xerais	79.193,63

Contra o presente acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Paradela, 04 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 3329

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2019 o expediente de modificación de créditos 19/2019- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de 37.700,00 € (Trinta e sete mil setecentos euros).

Por medio do presente expónse ó público o expediente da modificación de créditos antedita, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o art. 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 31 de outubro de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3330

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 5 de xullo de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de abril de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 13 de agosto de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3331

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 5 de xullo de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 13 de agosto de 2019 .- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3332

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 12 de xullo de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 13 de agosto de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3333

O VICEDO*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de outubro de 2019, prestouse aprobación ós padróns que abaixo se relacionan, todos correspondentes ó 1º semestre de 2019, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.

- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se produza a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003.)

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003.

O Vicedo, 4 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3334

VILALBA

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio 2018 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 31 de outubro de 2019; exponse ao público nas oficinas da Intervención municipal por espazo de quince días hábiles durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vilalba, 4 de novembro de 2019.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3335

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DE AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS 2019

BDNS (Identif.) :480629

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria, do que se pode consultar o texto completo na BDNS.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de novembro do 2018 e o 31 de outubro do 2019.

Segundo. Obxecto:

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2019 do PROGRAMA DE FOMENTO DA INICIATIVA EMPRESARIAL NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na páxina web do Concello de Monforte e na BDNS.

Cuarto. Contía:

25.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte á publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o 30 de novembro de 2019.

MONFORTE DE LEMOS, 5 DE NOVIEMBRE DE 2019.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 3355

ASOCIACIÓN CULTURAL DE RECREACIÓN HISTÓRICA COHORS III LUCENSIUM

Anuncio

A Asociación Cultural de Recreación Histórica COHORS III LUCENSIUM, convoca a tódolos seus socios á ASEMBLEA EXTRAORDINARIA que se celebrará o martes día 26 de novembro de 2019.

Lugar: Na nave da asociación sita na Rúa da Agricultura 50, Polígono do Ceao, Lugo.

Hora: Primeira convocatoria ás 20:30 horas, segunda convocatoria ás 21:00 horas.

Orde do día: Resolución de expediente disciplinario.

Lugo, 6 de novembro de 2019.- O PRESIDENTE, Miguel Alvelo Iglesias

R. 3387

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE